Con data do 17 de setembro de 2025 dítase o decreto núm. 741/2025 polo que se aproba a modificación das bases aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 25-05-2020 para o concurso de adxudicación de dúas vivendas sociais municipais, en réxime de alugueiro, sitas no número 10 da rúa Eduardo Blanco Amor de Ponteceso, con referencia catastral 8876505NH0887N0001DX,



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

edificio anexo ás escolas, antigas vivendas dos Mestres. O anuncio das bases publicouse no BOP núm. 182 do 24 de setembro de 2024.

As modificacións realizadas nas devanditas bases baseáronse nos seguintes cambios: Na base 2, “condicións para a admisión de solicitudes”, modifícase o tempo de residencia esixido ao solicitante no Concello de Ponteceso, que pasou de 3 a 5 anos. Na base 3.2, “circunstancias persoais e familiares”, no parágrafo “Dado o fin social das vivendas, a súa superficie e distribución, só poderán solicitar as familias, unidades familiares de convivencia, de un mínimo de tres membros, sendo un polo menos menor de idade” engadiuse ao final do mesmo o seguinte texto: “ou fillos maiores de idade a cargo dos pais”. Na base 6, duración dos contratos, concretouse o tempo da prórroga dos contratos de arrendamento, podendo prorrogarse de tres en tres anos. Na base 7, “renda mensual inicial, revisións, forma de pago e fianza”, modifícase a cantidade da renda mensual a aboar polo arrendatario que pasa de 60 a 100 euros.

Con data do 31 de outubro de 2025 dítase o decreto núm. 864/2025 que aproba a listaxe provisional de solicitudes admitidas de persoas demandantes de vivenda, conforme ao informe emitido polo Servizos Sociais municipais de data 28-10-2025, resultando unha única persoa admitida, D. Papa Babacar Fall, con NIE ***7032**, publicándose no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal o 03-11-2025 e abríndose un prazo de 10 días hábiles para a interposición de reclamacións polos interesados.

Con data do 13-11-2025 e rexistro de entrada núm. 20250000001513, D^a MARTA CASTIÑEIRA POSE, con DNI núm. ***1702**, que resultou adxudicataria, dunha vivenda social municipal en réxime de alugueiro, sita na rúa Eduardo Blanco Amor, nº 10 de Ponteceso, por acordo plenario adoptado o 27-07-2020, presenta escrito de alegacións no que solicita a prórroga do contrato de arrendamento desta vivenda, conforme ao establecido nas bases do ano 2020 (aprobadas por acordo plenario do 25-05-2020) e insta a deixar sen efecto ou suspender a adxudicación provisional da citada vivenda a D. Papa Babacar Fall, con NIE ***7032**, acordada pola resolución de Alcaldía núm. 864/2025 de data 31-10-2025, cuxas bases foron aprobadas pola resolución 741/2025, do 17-09-2025 e publicadas no BOP núm. 182 do 24-09-2025.

Con data do 16 de xaneiro de 2026 dítase providencia de Alcaldía pola que se dispón que a traballadora social municipal informe sobre as alegacións presentadas por D^a Marta Castiñeira Pose, emitíndoo o 13-02-2026, o cal é do seguinte teor literal:

“INFORME DE SERVIZOS SOCIAIS

Expediente: 2026/X006/000007

Asunto: Alegacións presentadas por D^a Marta Castiñeira Pose en relación co procedemento de adxudicación de vivenda social municipal.

• ANTECEDENTES

Primeiro.– Mediante Resolución de Alcaldía núm. 741/2025, de data 17-09-2025, aprobáronse as bases que rexen o concurso para a adxudicación de vivendas sociais municipais, publicadas no BOP núm. 182 de data 24-09-2025.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Segundo.– *Tramitado o procedemento conforme ás devanditas bases, presentouse unha única solicitude dentro do prazo establecido, correspondente a D. Papa Babacar Fall, quen foi valorado por estes Servizos Sociais emitíndose informe favorable por cumprir os requisitos esixidos nas bases reguladoras.*

Terceiro.– *Mediante Resolución de Alcaldía núm. 864/2025, de data 31-10-2025, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas, figurando como única persoa admitida D. Papa Babacar Fall.*

Cuarto.– *Con data 13-11-2025, D^a Marta Castiñeira Pose presenta escrito de alegacións no que solicita a prórroga do seu contrato de arrendamento da vivenda social sita na rúa Eduardo Blanco Amor nº 10, así como a suspensión da nova adxudicación provisional.*

Quinto.– *Por Providencia de Alcaldía de data 16-01-2026 requírese informe da Traballadora Social municipal, no prazo máximo de 10 días, sobre a estimación ou desestimación das alegacións presentadas, conforme ás bases aprobadas pola Resolución 741/2025.*

• CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeira.– *O procedemento actualmente en tramitación corresponde á convocatoria regulada polas bases aprobadas no ano 2025, publicadas oficialmente e abertas a todas as persoas que reunisen os requisitos establecidos nelas.*

Segunda.– *Durante o prazo de presentación de solicitudes establecido nas bases non consta que D^a Marta Castiñeira Pose presentase solicitude de participación no citado procedemento.*

Terceira.– *No marco desta convocatoria presentouse unha única solicitude, correspondente a D. Papa Babacar Fall, cuxa documentación foi revisada e valorada por estes Servizos Sociais, concluíndo que cumpre os requisitos establecidos nas bases reguladoras.*

Cuarta.– *As alegacións formuladas por D^a Marta Castiñeira Pose refírense á prórroga dun contrato de arrendamento anterior formalizado ao abeiro das bases do ano 2020, cuestión que non forma parte do obxecto nin do ámbito de valoración técnica deste procedemento de adxudicación iniciado conforme ás bases do ano 2025.*

Quinta.– *O procedemento de adxudicación regulado polas bases do ano 2025 ten natureza de convocatoria pública en réxime de concorrencia, polo que a participación nel require a presentación de solicitude dentro do prazo establecido, en condicións de igualdade para todas as persoas interesadas que reúnan os requisitos.*

Sexta.– *A eventual solicitude de prórroga dun contrato anterior constitúe un procedemento administrativo distinto e independente do actual concurso de adxudicación, non formando parte do obxecto de valoración técnica deste expediente, que se limita á comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases vixentes.*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

I. CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, e en relación exclusiva co procedemento de adxudicación regulado polas bases aprobadas pola Resolución 741/2025, esta Traballadora Social informa que:

- ☐ O procedemento desenvolveuse conforme ás bases publicadas.
- ☐ Só consta unha solicitude presentada en prazo.
- ☐ A persoa admitida cumpre os requisitos esixidos.
- ☐ Non procede modificar a listaxe provisional en base ás alegacións presentadas, por non referirse estas ao cumprimento ou incumprimento dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria 2025.

O presente informe emítese exclusivamente no marco do procedemento de adxudicación convocado en 2025, sen prexuízo das resolucións que poidan adoptarse respecto doutras solicitudes ou procedementos administrativos distintos.

É canto se informa aos efectos oportunos.

En Ponteceso, na data da sinatura dixital.

A Traballadora Social Municipal"

Polo exposto, considerando a epígrafe quinta das bases, PROPOÑOLLE ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Desestimar as alegacións presentadas por D^a Marta Castiñeira Pose, con DNI núm. ***1702**, o día 13-11-2025 (R.E. núm. 202500000001513), consonte ao informe da traballadora social municipal de data 13-02-2026 e notificar este acordo á interesada.

Segundo: Elevar a definitivo o listado de demandantes de vivendas sociais en réxime de alugueiro, conforme á resolución de Alcaldía núm. 864/2025, de data 31-10-2025, de acordo coa seguinte orde:

Persoas admitidas:

D. Papa Babacar Fall, con NIE ***7032**

Persoas excluídas:

Ningunha

Terceiro: Notificar este acordo ao adxudicatario da vivenda social 5, identificada como "vivendas dos mestres", sita no **número 10** da rúa Eduardo Blanco Amor de Ponteceso, planta segunda, con referencia catastral **8876505NH0887N0001DX**, indicándolle que no prazo de dez días naturais deberá aceptar formalmente a adxudicación e comprometerse a formalizar o contrato no prazo que se lle sinale.

Cuarto: Publicar a formalización deste acordo no Portal de Transparencia municipal, nos termos dispostos no artigo 8.1. a) da Lei 19/2023, do 9 de decembro, cumprindo coas obrigas en materia de protección de datos, derivadas da normativa de aplicación."



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:
05acc56879fc9b9c334cb9fa4e8ab28eedcdff19160c0861f8ccc47264fd7061

Non hai máis debate.

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou a favor na sesión do 1 de abril de 2026.

O presidente somete o ditame a votación.

O Concello Pleno aproba o ditame por sete votos a favor (sete: 4 do PP, 2 do PG e 1 de AxP), tres votos en contra do PSdeG-PSOE e tres abstencións (tres: 1 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO)

1.4 Aprobación do ditame da proposta aprobación inicial da agrupación voluntaria do Concello de Ponteceso e do Concello de Coristanco para o mantemento en común do posto de Tesouraría

O secretario en acumulación da conta do contido da proposta redactada para o efecto.

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de de iniciación, no que corresponde ao Concello de Ponteceso, de expediente para a constitución dunha agrupación có Concello de Coristanco para o sostemento en común do posto de Tesouraría, que ocupará un/ha funcionariola de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Logo de ver que os artigos 2 e 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional establece, no que se refire á función pública de Tesouraría, o seguinte:

"Artículo 2 Funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales

1.- Son funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales, cuya responsabilidad administrativa está reservada a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, las siguientes:

b) Intervención-Tesorería, comprensiva del control y la fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, y la contabilidad, tesorería y recaudación. (...)

3.- Corresponderán a los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional las funciones necesarias, dentro de su ámbito de actuación, para garantizar el principio de transparencia y los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad económico-financiera.(...)

Artículo 14 Tesorería

1.-En las Corporaciones Locales cuya Secretaría esté clasificada en primera o segunda clase,



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

existirá un posto de traballo denominado Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones enumeradas en el artículo 5 de este real decreto.

2.-Los puestos a que se refiere el apartado anterior, estarán reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional de la subescala de Intervención-Tesorería.

3.-Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 2.^a y 3.^a, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.

4.-Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 3.^a podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de tesoreríarecaudación en todos los municipios agrupados.

Este puesto está reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, de la subescala de Secretaría-Intervención.

Será aplicable a estas agrupaciones la misma regulación establecida para las agrupaciones de Secretaría e Intervención, en los artículos 9 y 12 de este real decreto.”.

Considerando que os artigos 165, 166 e 167 da Lei 5/1997, de 2 de xullo, de administración local de Galicia, prevén a agrupación para o sostemento en común dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional; e que o artigo 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, como se indicou, establece no seu punto 3º que “*Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 2.^a y 3.^a, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.(...)*”

Considerando o desenvolvemento da citada previsión legal nos artigos 11, 12 e 13 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (agora nacional).

Á vista da regulación que antecede, o Concello de Ponteceso xunto có Concello de Coristanco, están interesados na agrupación voluntaria dos devanditos Concellos para o mantemento en común do posto de Tesouraría, para o seu desempeño por un/ha funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Esta respondería a criterios de eficiencia e eficacia, xa que permitirá exercer as funcións de control da tesourería local coa necesaria independencia e autonomía de funcións á vez que con plenitude de contido, tendo en conta que o Concello de Coristanco, cuxa agrupación se pretende, delegou, ó igual que Ponteceso a maioría da xestión e recadación voluntaria e a totalidade da recadación executiva dos seus recursos propios na Deputación Provincial da Coruña.

Consta no expediente valoración do posto de tesourería que se pretende aprobar, así como a proxecto dos Estatutos.

Considerando o desenvolvemento da previsión legal nos artigos 11, 12 e 13 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

A vista de todo o que antecede, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes :



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACORDOS

1.- Aprobación inicial da agrupación voluntaria do Concello de Ponteceso e Coristanco para o mantemento en común do posto de Tesouraría, coas seguintes características: Grupo de clasificación (soldo) A1: 18.358,98 €; Nivel de Complemento de Destino 26; Complemento Específico agrupado 19.497,57 €.

2.- Publicación do acordo, incluíndo o proxecto de estatutos, la información pública durante o prazo dun mes mediante publicación no BOP."

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000001 e identificado pola pegada dixital: 05acc56879fc9b9c334cb9fa4e8ab28eedcdf19160c0861f8ccc47264fd7061

Non hai máis debate.

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou a favor na sesión do 1 de abril de 2026.

O presidente somete o ditame a votación.

O Concello Pleno aproba o ditame por doce votos a favor (doce: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP e 1 de APIN-ESCO) e unha abstención do BNG)

1.5 Aprobación do ditame da aprobación do orzamento municipal para o 2026

O secretario en acumulación dá conta do contido da proposta redactada para o efecto.

"ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2026

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o proxecto de orzamento Xeral para o exercicio 2026

Vista a estrutura orzamentaria aprobada na orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que no estado de ingresos recóllense previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar, e no estado de gastos, os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles a Corporación, que se forma o orzamento con toda a documentación prevista na lexislación vixente e que o mesmo atópase equilibrado cumprindo así co disposto no artigo 165 do TRLFL (Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo).

De conformidade cos artigos 168.4 e 5 do TRLFL e 90 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

DITAME:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello, que ascende a 6. 6.684.146,23 € cos seguintes resumes:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - INGRESOS		
TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Total capítulo		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.610.246,60 €
Total capítulo		
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	201.000,00 €
Total capítulo		
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	556.600,00 €
Total capítulo		
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.625.963,21 €
Total capítulo		
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	399.794,01 €
Total capítulo		
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	290.542,41 €
TOTAL		6.684.146,23 €

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - GASTOS		
TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Total capítulo 1	GASTOS DE PERSOAL	2.396.591,40 €
Total capítulo 2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	3.073.039,00 €
Total capítulo 3	GASTOS FINANCEIROS	29.000,00 €
Total capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	142.470,97 €
Total capítulo 6	INVERSIONS REAIS	916.860,62 €
Total capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
Total capítulo 9	PASIVOS FINANCEIROS	126.184,24 €
TOTAL		6.684.146,23 €

CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS - GASTOS		
TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Área de gasto 1	SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	3.697.011,01 €
Área de gasto 2	ACTUACIONES DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN	1.002.433,70 €
	SOCIAL	€
Área de gasto 3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER	769.508,12 €
	PREFERENTE	



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Área de gasto 4	ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO	91.520,37 €
Área de gasto 9	ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL	972.488,79 €
Área de gasto 0	DEUDA PÚBLICA	151.184,24 €
TOTAL		6.684.146,23 €

SEGUNDO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ao publico o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

QUINTO.- O orzamento xeral considerárase definitivamente aprobado se durante o período de exposición ao publico non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resumo por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

SEXTO.- Do orzamento definitivamente aprobado remitírase copia aos órganos competentes do Estado e da Xunta de Galicia.

SÉTIMO.- Aprobar a masa salarial do persoal laboral ó servizo deste Concello para o ano 2025, que ascende a 1.189.938,76 €. Como consecuencia da aprobación, dar traslado do acordo adoptado no Pleno ós departamentos afectados e publicalo no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 103.bis da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local."

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000001 e identificado pola pegada dixital: 05acc56879fc9b9c334cb9fa4e8ab28eedcdf19160c0861f8ccc47264fd7061

Non hai máis debate.

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou a favor na sesión do 1 de abril de 2026.

O presidente somete o ditame a votación.

O Concello Pleno aproba o ditame por sete votos a favor (sete: 4 do PP, 2 do PG, 1 de AxP), tres votos do PSdeG-PSOE en contra e tres abstencións (tres: 1 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO)

2 Parte de control e fiscalización

2.1 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, dende a núm. 27/2026, do 19 de xaneiro, ata a núm. 219/2026, do 31 de marzo



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O Concello Pleno quedou informado das resolucións da Alcaldía, dende a núm. 27/2026, do 19 de xaneiro, ata a núm. 219/2026, do 31 de marzo.

2.2 Mocións de urxencia

2.2.1 Moción que presenta o Grupo PSdeG-PSOE relativa á Municipal Popular relativa á dotación dunha ambulancia medicalizada

O voceiro do PSdeG-PSOE dá conta do contido da moción.

"MOCIÓN PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DOTACIÓN DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA NA COMARCA DEBERGANTIÑOS E NA COSTA DA MORTE

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponteceso, en base ó disposto nos artigos 82.2, 82.3, 91.4, 97.3 e 126.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poidan resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca de Bergantiños, co concello de Carballo como núcleo central e de maior poboación, aglutina a preto de 70.000 habitantes, dos cales máis de 31.000 residen no municipio de Carballo. Esta realidade demográfica, unida á dispersión poboacional propia do noso territorio, ao volume de actividade industrial e á distancia cos hospitais de referencia situados na Coruña, fai imprescindible contar cuns servizos de emerxencias sanitarias á altura das necesidades da veciñanza desta comarca.

Ademais, os concellos da Costa da Morte levan máis de vinte e cinco anos reclamando a dotación dunha ambulancia medicalizada de soporte vital avanzado (SVA), un recurso esencial para garantir unha atención sanitaria urxente rápida e de calidade nun territorio cunha elevada dispersión poboacional e con importantes distancias aos hospitais de referencia.

Cando falamos de emerxencias sanitarias graves —como infartos, ictus ou traumatismos severos—, o tempo de resposta é o factor crítico que determina a diferenza entre a vida e a morte, ou entre unha recuperación total e o padecemento de secuelas irreversibles. Actualmente, a falta de ambulancias medicalizadas (Unidade de Soporte Vital Avanzado) con base permanente nestas dúas comarcas obriga a depender en moitas ocasións de unidades desprazadas desde outras áreas, o que incrementa os tempos de resposta ata límites inasumibles.

Dúas comarcas desta entidade non poden seguir infradotadas nun servizo tan vital.

Esta non é, nin moito menos, unha reivindicación nova. Tal e como reflicte a hemeroteca, xa no ano 2005 o Partido Socialista facía peticións públicas e institucionais esixindo á administración autonómica a implantación deste servizo fundamental. Tamén dende o BNG se reclamou esta dotación durante moitos anos, demostrando que se trata dunha necesidade obxectiva, compartida e evidente para a maioría da nosa sociedade e dos seus representantes.

Dotar aos Concellos de Bergantiños e da Costa da Morte de dúas ambulancias medicalizadas non é un luxo, é unha cuestión de equidade e xustiza sanitaria. A cidadanía destas comarcas ten que ter os mesmos servizos que a das grandes cidades, e merece contar coas mesmas garantías ante unha emerxencia médica vital.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

ACORDOS

- *Instar á Xunta de Galicia, e de forma específica á Consellería de Sanidade e á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, a dotar de forma urxente e permanente ao Centro de Saúde de Carballo dunha ambulancia medicalizada (Unidade de Soporte Vital Avanzado) que preste servizo as 24 horas do día para cubrir as necesidades de toda a comarca de Bergantiños.*
- *Instar á Xunta de Galicia, e de forma específica á Consellería de Sanidade e á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, a dotar de forma urxente e permanente ao Centro de Saúde de Cee dunha ambulancia medicalizada (Unidade de Soporte Vital Avanzado) que preste servizo as 24 horas do día para cubrir as necesidades de todos os Concellos da Costa da Morte.*
- *Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro de Sanidade, e a todos os Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia."*

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno acorda incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por dez votos a favor (dez: 3 do PP, 3 do PSOE, 2 do PG, 1 de AxP e 1 de APIN-ESCO).

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:
05acc56879fc9b9c334cb9fa4e8ab28eedcdf19160c0861f8ccc47264fd7061

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno aproba a moción por dez votos a favor (dez: 3 do PP, 3 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP e 1 de APIN-ESCO).

2.2.2 Moción que presenta o PSdeG-PSOE relativa á defensa das infraestruturas educativas

O voceiro do PSdeG-PSOE dá conta do contido da moción.

"MOCIÓN EN DEFENSA DAS INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponteceso, en base ó disposto nos artigos 82.2, 82.3, 91.4, 97.3 e 126.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poidan resultar de aplicación, presenta esta PROPOSTA DE ACORDO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha parte moi significativa dos centros educativos públicos galegos conta con varias décadas de antigüidade e foi construída baixo criterios técnicos, normativos e pedagóxicos que pouco ou nada teñen que ver coas necesidades actuais.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A esta realidade non se escapan os centros do noso concello, que contan con necesidades de actuación demandadas pola comunidade educativa e que só atopan como resposta un muro de silencio por parte da Consellería de Educación.

A Xunta de Galicia continúa actuando de maneira reactiva, atendendo actuacións concretas cando a situación se fai insostible ou cando existe presión por parte das comunidades educativas, pero sen realizar unha avaliación integral e pública do estado real do conxunto das infraestruturas educativas galegas.

Só mediante unha planificación estruturada, transparente e con financiamento comprometido poderá abordarse de maneira ordenada e equitativa a modernización da rede pública de centros educativos e evitar que a antigüidade das infraestruturas se converta nun factor de desigualdade territorial.

Garantir que o noso concello conte con centros seguros, accesibles, eficientes e adaptados ás necesidades do século XXI non é unha opción política senón unha responsabilidade institucional ineludible.

ACORDOS

- Instar á Xunta de Galicia a realizar unha avaliación técnica integral do estado de conservación e das necesidades de rehabilitación de todos os centros educativos públicos de Galicia —nomeadamente os do noso concello— no prazo máximo de seis meses.*
- Reclamar á Xunta de Galicia a elaboración e presentación dun plan de dotación de infraestruturas educativas en Galicia de carácter plurianual, que inclúa a identificación das actuacións necesarias, os criterios obxectivos de priorización e unha planificación temporal das intervencións e permita coñecer ás comunidades educativas dos centros do noso concello as actuacións a realizar, o calendario previsto e a dotación orzamentaria de cada unha delas.*
- Demandar á Xunta de Galicia o incremento e adecuación da dotación económica destinada a infraestruturas educativas nos Orzamentos da Xunta de Galicia, garantindo que sexa suficiente, específica e finalista para a execución efectiva dese Plan de Dotación de Infraestruturas Educativas, con financiamento anualizado e planificación plurianual acorde ás necesidades reais detectadas na avaliación técnica, asegurando ademais a súa execución íntegra en cada exercicio orzamentario e evitando a existencia de créditos non executados.*
- Solicitar á Xunta de Galicia o establecemento de mecanismos de seguimento e avaliación periódica do plan, garantindo a transparencia e o acceso público á información sobre o grao de execución das actuacións previstas."*

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno rexeita incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por tres votos do PSdeG-PSOE a favor, seis votos en contra (seis: tres do PP, 2 do PG e 1 de AXP).

2.2.3. Moción que presenta o PSdeG-PSOE relativa aos incendios forestais

O voceiro do PSdeG-PSOE dá conta do contido da moción.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

"MOCIÓN SOBRE INCENDIOS FORESTAIS

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponteceso, en base ó disposto nos artigos 82.2, 82.3, 91.4, 97.3 e 126.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poidan resultar de aplicación, presenta esta PROPOSTA DE ACORDO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O verán de 2025 deixou unha das campañas de incendios máis devastadoras da historia de Galicia, cunha superficie arrasada que superou as 170.000 hectáreas, o que supuxo o 43 % da superficie queimada a nivel estatal. Rexistráronse 673 incendios activos nese mesmo mes, entre os que destacaron os de Chandrexa de Queixa, O Lorouco e Oimbra, convertidos nalgúns dos maiores incendios xamais rexistrados no noso territorio. A súa magnitude arrasou montes, aldeas e espazos naturais de alto valor, provocando danos ambientais, económicos e sociais de consecuencias históricas.

Os efectos daqueles incendios non se limitaron á superficie queimada. Centos de persoas víronse obrigadas a abandonar as súas casas polo avance das lapas, sufriron perdas materiais e afrontaron un proceso incerto de reconstrución. O tecido económico do rural, xa de por si fráxil, resultou gravemente afectado: explotacións agrogandeiras destruídas, recursos forestais inutilizados e unha perda significativa de atractivo turístico nun momento clave do ano.

No plano ambiental, a desaparición da cuberta vexetal expuxo o territorio a procesos acelerados de erosión e desertificación, con consecuencias a medio e longo prazo. As chuvias posteriores arrastraron cinzas e sedimentos cara a ríos, regatos e sistemas de abastecemento, afectando aos ecosistemas fluviais e comprometendo o subministro de auga en diversas zonas.

Un ano despois, a situación de fondo non cambiou de maneira significativa. Moitas das áreas afectadas continúan sen unha restauración completa, e persisten as mesmas debilidades estruturais que favoreceron aquela catástrofe. A estratexia institucional continúa centrada na extinción, relegando a prevención e a restauración a un segundo plano.

A temporalidade e precariedade laboral do dispositivo de loita contra incendios seguen sendo un problema estrutural. A contratación continúa concentrándose nos meses de maior risco, o que impide desenvolver de forma continuada labores de prevención, como a xestión da biomasa ou os traballos silvícolas.

As causas profundas que explican esta situación seguen vixentes: o cambio climático, que intensifica as condicións extremas; o abandono progresivo do medio rural, que favorece a acumulación de combustible vexetal; e a ausencia dunha política integral que conecte a prevención de incendios coa recuperación económica e social dos territorios afectados.

Por todo iso, resulta imprescindible actuar con carácter urxente para evitar que este ano se repita unha situación como a vivida en 2025.

ACORDOS

O Pleno do Concello de Ponteceso insta á Xunta de Galicia a:

- Reformular o modelo de prevención e extinción mediante a implementación dun operativo



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

único e profesional, dotado de recursos humanos e materiais suficientes e con capacidade para operar durante todo o ano.

- Ampliar a superficie incluída baixo a protección das faixas secundarias de xestión da biomasa e revisar o marco competencial vixente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, de maneira que a Xunta de Galicia asuma directamente a execución das tarefas de limpeza e mantemento destas áreas de protección cando non se garantan por parte das persoas titulares.*
- Desenvolver e implantar plans de autoprotección e evacuación para todos os núcleos de poboación situados en zonas de alto risco, coa participación activa da veciñanza e dos concellos.*
- Avanzar coa tramitación da nova Lei de loita integral contra os incendios forestais, paralizada pola Xunta de Galicia desde abril de 2023, data na que se presentou o anteproxecto, sen que se producisen avances posteriores para a súa aprobación.*
- Aprobar o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA) en tempo e forma, cumprindo coa obriga de presentalo antes do 31 de outubro do ano anterior ao da súa aplicación, e executar os traballos de prevención antes do mes de xuño de cada ano.*
- Elaborar os plans de ordenación dos recursos forestais (PORF) en todos os distritos.*
- Presentar no Parlamento de Galicia, antes de rematar o ano, un informe de cumprimento do PLADIGA, desagregando os resultados en cada distrito forestal.*
- Rematar xa a pista cortalumes de Corme Aldea e do resto de núcleos rurais, antes da chegada do verán."*

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno rexeita incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por tres votos do PSdeG-PSOE a favor, seis votos en contra (seis: tres do PP, 2 do PG e 1 de AXP).

2.3 Pregos e preguntas

2.3.1 Preguntas do grupo APIN-ESCO

2.3.1.1 Pregunta se é certo que Patrimonio da Xunta de Galicia parou a obra de construción dun muro de contención na obra do aparcadoiro en Nemeño.

2.3.1.2 Pregunta sobre se non tería que ser a obra que realizou a obra na rúa Voluntariado quen rematase cos cheiros que hai na zona.

2.3.1.3 Pregunta se na colocación de farolas en Pazos seguiron un novo modelo para instalalas.

2.3.2 Preguntas e pregos do grupo PSdeG-PSOE

2.3.2.1 Pregunta se nas próximas limpeza das cunetas van retirar a terra e depositala en fincas privadas con permiso das propiedades en vez de deixala á beira das estradas

2.3.2.2 Qué iniciativas levou a cabo o Concello respecto das caídas de telefonía e internet reiteradas, en Ponteceso?

2.3.2.3 Vai presentar o Concello un plan de axuda ás familias e pequenas empresas de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Ponteceso, equivalente ao dobre, cando menos, do custe da comida de maiores, á vista da guerra e as consecuencias nefastas para os nosos veciños e veciñas?

2.3.3 Pregos do grupo APIN-ESCO

2.3.3.1 Di que Ponteceso durante a Semana Santa parecía un pobo fantasma e prega que se tomen medidas para seguir con esa situación.

2.3.4 Pregos do PSdeG-PSOE

2.3.4.1 Prega que se lle permita ler un manifesto sobre a paz.

2.3.4.2 Prega que se lle permita ler un manifesto sobre o 8 M.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:
05acc56879fc9b9c334cb9fa4e8ab28eedcdff19160c0861f8ccc47264fd7061

Non hai máis asuntos.

O presidente remata a sesión ás 21:57 h e eu redacto esta acta como secretario en acumulación. Dou fe.

*Documento asinado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.